

# ORIENTACIÓN VOCACIONAL FP BÁSICA

IES MARÍA SARMIENTO



Fai click aquí para repasar as principais características da FP Básica.

## ¿QUE TÍTULO OBTENGO AO REMATAR?

Título Profesional Básico: inclúe unha cualificación profesional básica do nivel I do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Tamén podes obter o título de ESO. Non é algo automático, só en caso de que o equipo docente considere que acadaches os obxectivos da ESO e as competencias correspondentes. Ademais, no noso centro, terás que superar unha proba final sobre os módulos comúns para poder obter o título de ESO.

\*Se obtés o título da FP Básica pero non acadas o título de ESO poderás matricularte na Educación Secundaria de Adultos (ESA) e validar os ámbitos superados de FP Básica, que permiten obter o título de Graduado en Educación Secundaria (cursando un único ámbito do módulo 4).



Este ano debido á situación provocada pola COVID-19 poderán cambiar os criterios de titulación.

## CO TÍTULO DE FP BÁSICA TES DIFERENTES OPCIONS

Pincha en cada unha delas para obter máis información



**ACCESO DIRECTO A CALQUERA CICLO DE FP GRAO MEDIO**



**INCORPORACIÓN AO MUNDO LABORAL**

## ¿E SE TAMÉN ACADO O TÍTULO DA ESO?

No caso de que acades o título da ESO tes diferentes opcións:

- Cursar bacharelato
- Facer un ciclo formativo de Grao Medio de FP
- Realizar estudos de ensinanzas de Réxime Especial
- Preparar oposicións para as forzas e corpos de seguridade do estado (entre outras)
- Acceder ao mundo laboral

## ¿E QUE PASA SE NON TITULO?

No caso de non obter o título de FP básica, danche unha certificación académica dos módulos superados coa que poderás acceder a:

- Educación secundaria de adultos (ESA)
- Proba libre para a obtención do título de ESO (18 anos, salvo excepcións)
- Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio (17 anos)

## PÁXINAS WEB DE INTERESE

Formación profesional en Galicia.

Ensinanzas de réxime especial e de Adultos en Galicia.

SE SEGUIES  
CON  
DÚBIDAS...



Se necesitas resolver calquera dúbida ou precisas asesoramento personalizado, ponte en contacto comigo no seguinte correo electrónico:

[mariagarciaquintela@edu.xunta.es](mailto:mariagarciaquintela@edu.xunta.es)

**MOITAS GRACIAS POLA TÚA ATENCIÓN**